

# ERUPCJA

Pete Ohs, 2025

# 1818

ESTREA EN NUMAX: 28.08.2026 | V.O.S.E. | 71 min

Unhas vacacións románticas vense interrompidas cando unha erupción volcánica deixa a Bethany e o seu prometido, Rob, en Varsovia, Bethany toma o explosivo acontecemento natural como un sinal para desfacerse da súa equipaxe, recontrarse coa súa amiga da infancia Nel e percorrer lofts, clubs e calexas, mentres se enreda nunha rede emocional que desafia o seu propio sentido.

«Un marabilloso murmurio cinematográfico que se che vai quedar gravado»  
Gregory Ellwood, THE PLAYLIST



## Unha erupción con danos colaterais

Por Diego Lerer

A metáfora é un tanto banal pero, no contexto, funciona. Cada vez que dúas amigas da adolescencia, que viven en países diferentes, se encontran, un volcán entra en erupción. Literal, como din agora. Os encontros de Bethany e Nel xeran, ou polo menos iso é o que elas pensan, que a presión dos gases aumente, o magma ascenda e todo explote polo aire. Algúns argumentarán logo que non é tan así e que é un feito máis habitual do que aparenta ser. O que ninguén nega —da metáfora e da realidade— é que un volcán en erupción deixa consecuencias, vítimas, danos colaterais por todas as partes.

A nova película do realizador indie estadounidense Pete Ohs —deses que dirixen, escriben, editan e talvez tamén preparan o catering nas súas producións— ten un par de particularidades que a fan chamar a atención. A primeira é o rol protagónico que ten a estrela pop británica Charlie XCX, que encarna á citada Bethany. A segunda é que transcorre en Varsovia e, en boa medida, está falada en polaco. O que conta *Erupcja* é precisamente o que sucede cando, na situación menos conveniente posible, esas intensidades que producen estas dúas amigas ao volver chocar.

*Erupcja* ocupará os seus breves 71 minutos en contar o que sucede cando estas volcánicas trintañeiras se reecontran e, cada unha ao seu xeito, tratan de lidar coas ganas de estar xuntas, saír de festa, vivir «descoidada e irresponsablemente» tendo, en ambos os casos, parellas coas que teñen algún tipo de compromiso ou relación que se pretende máis ou menos seria. Será así que, un par de noites, tras reencontrarse, as dúas irán bailar e deixarán de lado os seus respectivos. E, seguindo a metáfora do volcán, é bastante obvio que a explosión deixará do outro lado vítimas.

Esta película independente, filmada con baixo orzamento nas rúas de Varsovia, ten algo *sesentista* na súa exposición pero á vez remite ao *mumblecore* americano, só que neste caso con protagonistas británicos (e algúns polacos) con aínda máis dificultades para expresar o que realmente senten. Cando Bethany desaparece e Rob queda esperándoa máis tempo que o tolerable, o seu «reclamo» será tan medido que parecerá falto de sangue.

A película presentará unha serie de elegantes xiros e resolucións que mostran que o guión —escrito e improvisado polo realizador e o seu elenco— é máis perspicaz e agudo do que nun inicio parece. Nese sentido, o marco polaco dálle unha cor local moi especial que o saca dos típicos escenarios estadounidenses ou británicos onde estás accións adoitan verse. De feito, se esta mesma historia transcorrese en Londres ou Los Angeles volveríase moito máis convencional e predicible.

A estrela pop de Brat móstrase como unha máis que promisoría actriz, recitando un clásico poema de Lord Byron («I had a dream, which was not all a dream / The bright sun was extinguish'd, and the stars / Did wander darkling in the eternal space», arrinca) no que talvez sexa o momento máis emotivo da película, alí onde o seu personaxe parece entender a que desafíos se enfronta. Pero a súa historia non é a única que conta *Erupcja*. Para outros, talvez, a lección máis importante da erupción volcánica pasa pola xente danada por ela.